

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE OUTUBRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEvesa CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Excusa asistencia	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e un de outubro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA


1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (16/09/2010)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaseis de setembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

-Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre das antenas de telefonía móbil, di que en Vedra hai tres antenas, unha en Pousada -Vedra, que ten licenza municipal de data 15/11/2002; outra en Francés -Vilanova que tamén ten licenza municipal do 09/06/1999 e outra en Santa Cruz de Ribadulla, que ten un expediente moi antigo, que debeu empezarse no ano



1990, e no ano 1998 -1999 houbo unha denuncia da Consellería de Cultura por estar situada a menos de 50 mts , e polo tanto non ten licenza municipal.

2.- Sobre da colocación dunha maia no patio da ludoteca e máis dun timbre no portal, di que a maia se vai colocar nestes días pola brigada municipal, e que en canto ó timbre, segundo a reponsable da ludoteca non é necesario porque sempre que os nenos están fóra hai unha persoa que os están a vixiar, pero se se considera necesario que se porá

-Ás preguntas do Sr. Martínez Carrillo a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do arranxos ós accesos da Casa de Cultura de San Xián e máis do pozo na mesma, a Presidencia di que o pozo xa está feito e funcionando, e en canto ós accesos á Casa de Cultura que é competencia da Deputación.

2.- En canto ós enganches dos veciños de San Xián á rede de saneamento, di que onde as redes están funcionando teñen que solicitar os veciños autorización para enganchar

3.- Polo que respecta ó lavadouro de Quintáns que quedou enterrado debaixo das obras da estrada DP8203, di que xa se falou varias veces con Don Luís Jaime, Xefe de Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación e que o lóxico é que llo desconte ó propietario da parcela que o cobrou

-Sobre da última fase da estrada Vedra-Santa Lucía, di que o proxecto está feito e que todos os grupos deben traballar conxuntamente para conseguir que se inclúa a obra nos orzamentos do vindeiro exercicio

Di tamén que para as obras de construción de beirarrúas nesa estrada e máis para os accesos á Casa de Cultura de San Xián, que hai unha partida de 145.000 euros

3º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG formulas os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Como é onde está custodiado o material orixinal do arquivo da emigración?. Está todo dixitalizado? Os orixinais hai que devolvelos a Bos Aires ou pasaron a ser propiedade do Concello?

2º.- Deu algunha solución a empresa constructora dos chalés de Xián en Troble ao problema de saneamento, ou seguen a ser os propietarios os que teñen que solucionar?

3º.- En que medidas concretas consiste a reparación do tellado do Polideportivo de Vedra para o que a Deputación concedeu 12.000 euros? É suficiente para solucionar os problemas que dan as humidades na instalación?. Cando se van acometer as obras?

4º.- Rogo se valore a apertura do recinto de recreo da ludoteca o fins de semana para o uso público xeralizado, optimizando e xeralizando así as poucas instalacións con parque infantil de que dispoñemos

5º.-Rogo se adapten á lei vixente aqueles parques que non o están, e que se arranxen os que están en estado de semiabandono (como o da piscina), retirándose aqueles elementos que poidan resultar perigosos nos máis antigos, de ser o caso

6º.- Reitero unha vez máis o rogo de que se instalen medidas coercitivas á velocidade do tránsito rodado en puntos especialmente sensibeis de perigosidade vial para os peóns, como é o caso das inmediacións da Casa do Sindicato en Vedra. Fíxose, como se rogo aquí máis de unha vez algún estudo destes puntos sensibeis



pola frecuencia da presenza de peóns, e nenos xogando? Fíxose algunha xestión diante da Deputación para este punto concreto, que ten especial perigosidade por estar entrando no núcleo urbano, en pendente e tras unha curva?

7º.- Solicito asimesmo se revise a seguridade da saída do recinto da Escola Infantil de San Fins, xa que é unha saída con moi mala visibilidade (curva e cambio de rasante cercano), e na que os coches respectan poucas veces o límite de velocidade establecido; que se valore qué medidas adoptar ante o perigo desa saída: dende poñer en uso a vía auxiliar pegada ao peche, a poñer un espello enfrente, ou establecer medidas reductoras da velocidade como badéns máis altos antes de entrar na curva.

8º.- Solicito se solucione de unha vez o acceso ao muíño de Castiláns acondicionando o mesmo para que poida ser transitado por terreo público

9º.- Rogo se arranxe a pista que vai do campo da festa de San Mamede a Argunte, actualmente nun lamentable estado

--Don José Alvela de TEGA expón que nun pleno anterior solicitou a inclusión no nomenclator dos lugares de Legarei e Piñeiros da parroquia de San Miguel de Sarandón. Foi cursado este pedimento?. Se non foi solicitado de novo que se faga á máxima brevidade

--O Sr. Martínez Carrillo do PP pregunta:

1º.- No pleno no que se aprobou o importe dos prezos de enganche á rede de saneamento acordouse que ós veciños de San Xián que ingresaran 600,00 euros se lle ía devolver a diferenza. Cando se vai proceder á devolución?

2º.- En que situación se atopa tanto procedemental como real o desenvolvemento do Polígono Industrial?

A Presidencia contesta que como todos saben apareceron dúas zonas protexidas e que se está tramitando a desafectación dunha para poder ter máis edificabilidade, elevándoa o 60% como noutros polígonos, que abaratarían os custos do mesmo, que se fixeron as catas tanto materiais como con maquinaria e que apareceron , segundo o arquitecto, tres restos prehistóricos

Di tamén que tiveron unha reunión na Consellería e que se fará unha modificación puntual para poder aumentar a edificabilidade, estando nestes momentos cos trámites necesarios

Intervén o Sr. Secretario e di con respecto ás xestións co Banco Bilbao Vizcaya, porpietario das parcelas, que está tramitando a inscrición das mesmas ó seu nome no Rexistro de Propiedade e en canto ó cobro das débedas da UTE que o expediente se lle remitiu ó Servizo de Recadación da Deputación, aínda que non resulta fácil por ser doutra comunidade.

Di tamén que a idea é que antes do 31/12/2010 se faga a aprobación inicial

Por último a Presidencia di que os custos máis elevados son os da subministración eléctrica, pero que se está a negociar traela de Cira -Silleda, xa que sería máis barato

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e trinta e cinco minutos

